

Podemos
Ferrol

VALENTÍA
→→→ **PARA**
TRANS
FORMAR

Programa electoral

**ás eleccións municipais de
2023**

Podemos Ferrol

ÍNDICE

Introdución	3
1. Recuperar os servizos públicos	4-5
2. Urbanismo sostible e integrador. Vivenda digna. Rehabilitar para transformar.....	6-7
3. A cidade é de todas as persoas. Recuperar o transporte público.....	8-10
4. Saldar unha débeda histórica: desenvolvemento do rural.....	11-12
5. Un Ferrol con futuro. Recuperar o emprego de calidade	13-14
6. Un concello para a veciñanza. Participación cidadá, transparencia e rendición de contas	15
7. Educar e coidar: a mocidade no centro	16-18
8. Un Ferrol para sentir. Cultura e turismo	19-20
9. Unha cidade á altura do seu deporte.....	21-22
10. Afrontar retos globais desde o local. Autoeficiencia enerxética e transición ecolóxica.....	23-24
11. Garantir unha vida digna. Xustiza social e dereitos da veciñanza.	25-26
12. Un feminismo que transforma. Igualdade e dereitos LGTBI.....	27-28
13. Coñecer a nosa historia. Memoria democrática.	29
14. Polo coidado das nosas mascotas, un membro máis da familia. Dereitos e benestar dos animais	30-31

INTRODUCCIÓN

O cambio que precisa Ferrol pasa por implementar políticas municipais valentes e innovadoras. En Podemos miramos cara ao futuro. Precisamos un proxecto de cidade que fuxa dos oportunismos e a improvisación que caracterizaron as actuacións das últimas corporacións municipais.

O noso programa reflicte o modelo de cidade que queremos acadar tomando como as nosas prioridades medidas que demanda unha ampla maioría social. Os servizos públicos, a posta en valor da nosa cultura, o urbanismo sostible e desenvolvemento da zona rural son eixos vertebradores deste programa. Igualdade de oportunidades, feminismo, xustiza social, transparencia, participación cidadá e ecoloxismo son valores transversais ao conxunto das propostas.

Gustaríanos que o vindeiro 28 de maio se iniciase unha nova etapa na historia de Ferrol, que poña á cidade definitivamente no século XXI. Temos que deixar as palabras e pasar aos feitos porque precisamos un cambio para construír entre todas e todos unha cidade habitable, inclusiva e sostible.

1. RECUPERAR OS SERVIZOS PÚBLICOS

Desde Podemos observamos con preocupación a privatización, chamada eufemisticamente externalización, dos servizos públicos.

Estas medidas neoliberais comezaron polos servizos básicos e estendéronse pouco a pouco a case todos os ámbitos da política municipal. O Concello deixou de xestionar para limitarse a licitar.

Para frear esta tendencia traballaremos na recuperación e posta en valor do público con medidas concretas que teñan un obxectivo claramente definido no noso horizonte: a desprivatización progresiva dos servizos públicos municipais.

1. Impulsar unha auditoría sobre as contas, rendementos e grao de execución dos principais contratos de servizos privatizados polo Concello.
2. O caso de Emafesa será prioritario neste senso. A nosa proposta pasa pola realización dunha auditoría externa, a revisión das tarifas e a eliminación de lecturas estimadas nunha primeira etapa. Apostamos por non renovar o contrato cando chegue o seu vencemento e, no caso de que sexa posible, á suspensión do mesmo.
3. Establecer mecanismos mercantís e societarios de carácter público (organismos autónomos ou empresas municipais) que poidan subrogar ao persoal das empresas concesionarias dos servizos públicos tomando como base o artigo 44 do Estatuto dos traballadores, de forma que as persoas traballadoras pasarían a ser persoal indefinido. Ademais, propoñemos a realización de procesos de consolidación interna para os cadros de persoal nos procesos de municipalización.
4. Eliminar a contratación de Empresas de Tráballo Temporal (ETT's) ou Servizos Privados de Contratación para a realización de calquera actividade que dependa directa ou indirectamente do Concello.
5. Implementar o uso de cláusulas sociais na contratación pública para incorporar como criterio de adxudicación a igualdade, accesibilidade, seguridade, saúde laboral, estabilidade no emprego, formación no lugar de traballo, conciliación familiar, protección do medio ambiente e respecto dos dereitos humanos.
6. Facilitar o acceso á información pública sobre contratos realizados pola Corporación municipal e os seus provedores.

7. Mellorar a participación das partes interesadas (usuarias, traballadoras, etc.) e de representantes de todos os grupos políticos, na redacción dos pregos de contratación.
8. Garantir a execución e cumprimento das condicións dos contratos e concesións para que o diñeiro público se empregue correctamente e que as arcas municipais non resulten prexudicadas por falta de pagamentos.

Podemos
Ferrol

2. URBANISMO SOSTIBLE E INTEGRADOR. VIVENDA DIGNA. REHABILITAR PARA TRANSFORMAR

Fronte a un urbanismo de actuacións puntuais e illadas, desde Podemos Ferrol defendemos un proxecto de cidade integrada e compartida.

Apostamos por unha cidade feita a outra escala, que se constrúe desde as necesidades de cada barrio e desde a participación cidadá. Apostamos por un urbanismo sostible, cuxa planificación poña ás persoas no centro.

As súas liñas conductoras serán a integración dos barrios, a planificación a promoción de vivenda pública no barrio de Recimil, a unificación no deseño da Magdalena, a accesibilidade, a apertura cara ao mar e o derrubado de muros e barreiras.

1. Actualizar, de maneira rigorosa, o censo de habitantes en Recimil: regularizar a situación das inquilinas e inquilinos que non o estean, establecer criterios de adxudicación xustos (niveis de renda e dependencia) e deseñar un plan xeral de conservación do barrio que inclúa vivenda e espazos de uso común.

A nosa cidade dispón do maior parque de vivenda social de Galicia, un valor engadido que non podemos desperdiciar, e por iso súa conservación, promoción e mantemento é fundamental para nós.

2. Incremento do IBI (150%) daquelas vivendas e locais comerciais baleiros que non saian realmente ao mercado. Esta medida, que tería un fin disuasorio e non recadatorio, afectaría soamente a grandes propietarios con máis de 5 vivendas ou baixos. O problema do aluguer esixe tomar medidas para frear esta forma de especulación que Ferrol non pode permitirse.
3. Establecemento dun tipo impositivo diferenciado para bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, a partir dun millón de euros de valor catastral.
4. Ampliación da brigada específica de actuación rápida para obras menores e arranxos de primeira necesidade e urxencia nas rúas e beirarrúas.
5. Reacondicionamento das zonas verdes existentes e creación de novos espazos. Temos unha oportunidade coa recente aprobación do convenio

con Defensa que, aínda que non é do noso agrado, pode servir para traballar nesa dirección apostando por máis zonas verdes, máis carril bici e pola interconexión entre os distintos barrios da cidade.

6. Creación dunha Oficina de Rehabilitación que coordine e dea coherencia ás actuacións neste senso para evitar a competencia entre as distintas Administracións. Por outra banda, a planificación dos procesos de rehabilitación de vivenda deberá ter en conta criterios sociais para non prexudicar ás persoas con menos recursos, ademais de non concentrar ditos procesos en determinadas áreas reducidas e evitar así a xentrificación.
7. Calquera proxecto serio de Ferrol como Patrimonio da Humanidade pasa polo derrubo dos muros que dividen a nosa cidade en dous. Non ten sentido ser Patrimonio da Humanidade e non selo da veciñanza.
8. Regular as vivendas de uso turístico, limitando a súa apertura aos baixos que teñan uso residencial, aos primeiros pisos ou ben que o edificio completo estea dedicado a esa actividade. Limitaremos tamén o número máximo de aloxamentos de este tipo por barrio para evitar a subida de prezos, a masificación e a xentrificación. Ademais, é necesario facer unha listaxe comprobando que todas as vivendas dadas de alta no rexistro da Xunta de Galicia contan coa debida licenza municipal.

Os últimos datos nos din que, aínda que en Ferrol temos a metade de familias vivindo en réxime de aluguer en comparación ao ano 2000, o oferta de vivenda de uso convencional é inferior á demanda que existe. Por outra banda, sabemos que entre o ano 2018 e o mes de outubro de 2022 o número de vivendas de uso turístico incrementouse de 18 a 119. É necesario darlle solución a este problema para que a xente poida acceder a unha vivenda a un prezo xusto e para garantir a calidade de vida nos nosos barrios.

3. A CIDADE É DE TODAS AS PERSOAS. RECUPERAR O TRANSPORTE PÚBLICO

Ferrol ten graves problemas no que ao transporte se refire que esixen unha urxente reordenación dos seus fluxos. É imposible fixar poboación na nosa cidade sen abordar con seriedade esta cuestión.

Podemos levará a cabo un Plan de Mobilidade Integral no que se recollan os compromisos do Concello, xunto con outras medidas que sexan competencia das Administracións autonómica e estatal.

1. Propoñer á Xunta de Galicia unha modificación, froito do diálogo cos Concellos da nosa comarca, do contrato vixente que regula o transporte metropolitano en Ferrolterra. No que respecta á nosa cidade, hai liñas que operan actualmente e demostrouse que resultan ineficaces para cubrir as necesidades da veciñanza. E tamén é necesario poñer solución ao illamento que sofren certos barrios, especialmente na Zona Rural.
2. Ampliación e reordenación do carril bici no Concello que conecte os tramos xa existentes para facelos realmente operativos.
3. Continuar co proceso de peonalización evitando que espazos recuperados para os peóns centren o seu novo uso en actividades privadas. Neste senso, cómpre regularizar e reordenar as terrazas ...
4. Crear un Consorcio de Transporte para a planificación e coordinación tanto da mobilidade interna como a externa, coa finalidade de fomentar e aumentar o uso do transporte público. Formarían parte desta entidade os Concellos da Mancomunidade e a Xunta de Galicia. O obxectivo é que, a medio prazo, o transporte metropolitano se xestione desde a nosa Comarca en coordinación co servizo que debe prestar a Administración autonómica.
5. Establecer de forma permanente a gratuidade do servizo de autobús urbano. Esta medida vai en consonancia coa inversión recentemente realizada polo goberno de coalición do Estado, a cal demostrou resultar eficaz para aumentar o uso do transporte público. Para facelo, habería que aumentar o gasto municipal en dito servizo. E isto é moi necesario, xa que o noso Concello gasta a metade da media na nosa provincia.

4. SALDAR UNHA DÉBEDA HISTÓRICA: DESENVOLVIMENTO DO RURAL

A Zona Rural de Ferrol require dunha atención especial, tanto para reverter a débeda histórica en relación cos investimentos na zona urbana, como para integrala no proxecto de futuro que queremos para a nosa cidade. Sectores como o alimentario, a agricultura e gandería ecolóxicas, o turismo ou os deportes ao aire libre son potencialidades que temos que aproveitar para poñer en valor unha parte da cidade infravalorada durante moitos anos.

Para iso é preciso configurar un Plan de actuación que vai desde a mellora das comunicacións, as infraestruturas urbanísticas, os servizos públicos e equipamentos colectivos, equiparables aos da zona urbana tanto na súa calidade como no seu custo, con criterios de sustentabilidade e de defensa do medio ambiente.

1. Rematar a disposición dos equipamentos básicos de auga e a rede de sumidoiros en toda a Zona Rural antes do chegar o ecuador do próximo mandato.
2. Urbanizar os accesos dos núcleos poboacionais coa disposición de beirarrúas, alumeadado público e mellora dos accesos ás praias.
3. Elaborar un plan cuatrianual de asfaltado e mantemento dos camiños da Zona Rural.
4. Dispor, ao igual que na zona urbana, dun servizo permanente de limpeza de camiños e cunetas. Neste senso, propoñemos a creación dunha brigada específica que actúa soamente nos barrios aos que nos referimos.
5. Resolver os problemas da subministración eléctrica, de cobertura de sinal de TV e de fibra óptica en todas as zonas afectadas por esta problemática.
6. Revisar o PXOU, con criterios de sustentabilidade, conxugando a protección do entorno natural e a edificabilidade sen fins especulativos, impedindo a implantación de parques eólicos nas proximidades de núcleos de poboación, polos efectos negativos que teñen na calidade de vida das veciñas e veciños, e urxir ao remate da concentración parcelaria.
7. Impulsar a creación dunha dotación orzamentaria para o mantemento dos locais sociais. Esta medida afectaría especialmente á veciñanza da

Zona Rural, xa que moitas das asociacións denuncian desde fai tempo o estado no que se encontran ditas instalacións.

8. Dotar á Zona Rural dun servizo específico e suficiente de policía, tanto para incrementar a seguridade cidadá como para atender as súas necesidades propias, a vixilancia e control do medio ambiente, a aplicación da ordenanza ás empresas de explotacións forestais, polos problemas que xenera a súa actividade nos camiños.

Podemos
Ferrol

5. UN FERROL CON FUTURO. RECUPERAR O EMPREGO DE CALIDADE

Un dos principais problemas que lastra a vida da nosa veciñanza é o do emprego. Ferrol precisa crear oportunidades que permitan á xuventude levar a cabo un proxecto vital de calidade. Estamos a perder un enorme potencial de varias xeracións.

Desde Podemos asumimos que o Concello ten que asumir un papel primordial á hora de facilitar a transición cara unha economía das persoas, que se caracterice pola cooperación e creación de emprego de calidade, favorecendo o emprendemento e acompañando ás persoas nos retos que decidan levar a cabo.

1. Creación dun organigrama municipal de traballo dentro do Concello para unha maior eficacia e eficiencia nas distintas áreas.
2. Contratación de persoal para a limpeza e mantemento dos montes do noso Concello, dando emprego a persoas desempregadas empadroadas en Ferrol.
3. Prioridade á hora de contratar persoal autónomo e empresas locais e da contorna para a execución de obras xestionadas polo Concello, asemade da compra e adquisición de outras subministracións, de acordo coa Lei de Contratos do Sector Público.
4. Ampliación do persoal e dos recursos do Parque de Bombeiros e da Policía Local de maneira urxente. Para iso haberá que ter como referencia a ratio que marca a lei (1,5 por cada 1.000 habitantes).
5. Levar a cabo un Plan de apoio ao cooperativismo, ás Cooperativas Sen Fins Lucrativos (SAL) e ás empresas de Economía Social e de Comercio Xusto. Este plan pasaría por reducir a presión fiscal municipal e os trámites burocráticos, entre outras medidas.
6. Impulsar, a través da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e en colaboración coa Rede Eusumo, programas de formación para emprendedores e cooperativas en ámbitos como a agricultura e gandería ecolóxica, as enerxías renovables ou a reutilización de materiais.
7. Impulsar un Plan de Dinamización Económica para incentivar o comercio local e as actividades empresariais que desenvolvan o sector industrial,

agrícola, gandeiro e pesqueiro e que teñan como eixo fundamental a sustentabilidade.

Podemos
Ferrol

6. UN CONCELLO PARA A VECIÑANZA. PARTICIPACIÓN CIDADÁ, TRANSPARENCIA E RENDICIÓN DE CONTAS

Reivindicamos unha democracia participativa que permita á cidadanía decidir o modelo político e social que quere para Ferrol. Pensamos que é necesario implicar a cada persoa na xestión dos asuntos que lle afectan directamente. As eleccións cada 4 anos non son suficientes para garantir que a nosa veciñanza sexa realmente protagonistas nas decisións que se toman no Concello.

Por isto, Podemos Ferrol aposta por un goberno municipal baseado nos principios rectores de transparencia e participación cidadá.

1. Elaborar un Plan Director de Participación Cidadá Municipal que constitúa o documento marco que determine a dimensión estratéxica de cidade en materia de participación e que contemple unha Axenda Municipal de Participación conformada por todas aquelas actuacións que deben contar coa implicación das veciñas e veciños.
2. Promover Consultas Cidadás, xa sexa desde o propio Concello ou desde a sociedade civil, para solicitar a opinión sobre asuntos de especial relevancia.
3. Orzamentos non atomizados e participativos. Unha parte dos orzamentos municipais serán elaborados para proxectos nos que participe os colectivos e asociacións dos concellos e a súa veciñanza.
4. Celebrar Asembleas cidadás trimestrais concibidas como espazos onde o goberno municipal expoña os resultados da súa actividade e reciba as demandas cidadás.
5. Potenciación das redes sociais para achegar ao público as actividades das corporacións e das distintas agrupacións políticas con representación en esta corporación.
6. Información clara e con tempo suficiente para as distintas bolsas ou contratacións temporais, cumprido rigorosamente cos principios de mérito e capacidade.
7. Rendición de contas por parte dos distintos cargos institucionais de maneira anual.

7. EDUCAR E COIDAR: A MOCIDADE NO CENTRO

O futuro dunha cidade pasa pola mocidade. Por iso, calquera proposta que se faga en relación a ela ten que incidir en medidas concretas que a fagan participe da “cousa pública” e reforcen un aspecto tan importante como é a educación.

As competencias municipais no eido da educación son limitadas pero para optimizalas propoñemos un plan que, deseñado en colaboración con varias concellerías (Xuventude, Cultura, Deportes, Participación cidadá, Benestar Social, Área de Muller, Igualdade e Normalización Lingüística), dea solucións aos problemas do ámbito educativo.

Podemos Ferrol entende a educación como algo que transcende o ámbito dos centros escolares. O Concello ten a obriga de proporcionar á mocidade alternativas que promovan un ocio alternativo e desvinculado do consumismo.

1. Actuar como interlocutor coa Consellería de Educación no deseño das modificacións da Rede de centros, velando polos intereses da veciñanza.
2. Elaboración dun Plan Contra o Fracaso Escolar, a partir dun Programa Municipal de Reforzo Extraescolar nos centros.
3. Promoción de Escolas de Familias, como espazos onde se facilitan estratexias para a mellora da educación e a convivencia familiar, a partir de ferramentas non formais da educación complementarias da educación formal, sempre desde unha perspectiva integradora de xénero.
4. Programas de socialización e reutilización de libros e material escolar para que sexan efectivamente gratuítos, así como garantir un mínimo de saídas e viaxes escolares a prezos alcanzables a todos os menores e adolescentes escolarizados dos 3 aos 16 anos.
5. En materia de violencia sexual exercida sobre menores, continuaremos a liña marcada pola “Proposición de LO de Promoción do Bo Trato e Erradicación das Violencias contra a Infancia e Adolescencia” presentada no Congreso por parte de Unidas Podemos.
6. Retomar e potenciar o programa de Camiños escolares: Crear rutas escolares seguras para que os nenos e nenas poidan chegar a pé aos

seus centros educativos dunha maneira segura: sen tráfico, con sinalizacións, e comercios locais de referencia.

7. Elaborar un plan estable de actividades extraescolares que garanta a continuidade destas e evite o atraso na súa posta en marcha, que vén sendo habitual todos os comezos de curso. As actividades extraescolares teñen que comezar o 1 de outubro. Ampliar a oferta de actividades extraescolares aos centros educativos, con especial atención a temas culturais e artísticos como a fotografía, o vídeo, a música e as artes escénicas e a memoria histórica.
8. Implantar cociñas propias nos comedores escolares, asegurando a correcta alimentación da poboación infantil e facendo efectiva a utilización de produtos ecolóxicos. Mentres non se poida implementar, o Concello debe exercer un control estrito sobre a calidade dos menús diarios.
9. Retomar prácticas anteriores á pandemia que permitían ás familias apuntarse ao comedor de maneira puntual con 24 horas de antelación. Neste momento a empresa esixe 72 horas, co cal esta posibilidade deixa de ser operativa.
10. Reforzar os protocolos de detección de malnutrición e potenciar as comisións sociais dos centros escolares como espazos de coordinación entre o sistema educativo, sanitario e de servizos sociais.
11. Ofrecer aos centros educativos un plan de posibles actividades complementarias deseñado a principio de curso para facilitar a súa inclusión no currículo e evitar posibles duplicidades tanto nos contidos como nos tempos.
12. Establecer convenios de prácticas estables entre as empresas, entidades e escolas municipais e centros de formación profesional.
13. Crear canles de comunicación fluídas entre o Concello e a Universidade que permitan potenciar sinerxias. Establecer un plan director de convenios entre ambas entidades para prácticas de graos e másteres.
14. Impulsar actividades educativas en lugares de convivencia comunitaria como prazas, xardíns e parques infantís ao aire libre, aproveitando os recursos e equipamentos xa existen.
15. Impulsar un programa de actividades educativas afectivo-sexuais adaptadas ás diferentes idades para fomentar a igualdade de xénero e a aceptación das diferentes opcións sexuais

16. Potenciar un ocio nocturno alternativo, centrado nos fins de semana, onde a xuventude da nosa cidade poida atopar, entre outras cosas: espazos deportivos abertos en horario nocturno, con actividades coordinadas para promover a participación, obradoiros de manualidades, xogos de rol, competicións de videoxogos, ciclos cine, scapes rooms, etc.

A nosa cidade alberga unha problemática, instalada desde fai décadas, cun un alarmante consumo de drogas, tanto legais coma ilegais. O consumo de drogas cada vez comeza en idades máis temperás e o consumo de alcohol converteuse en practicamente o único ocio que atopa a nosa xuventude.

A Fundación Asfedro realiza desde 1985 unha exemplar labor tanto no tratamento como na prevención. Sen dúbida, o Concello de Ferrol, ante esta problemática, debe potenciar a súa labor e apoiar tan digna tarefa.

Podemos
Ferrol

8. UN FERROL PARA SENTIR. CULTURA E TURISMO

Entendemos a cultura como un servizo público, básico para a transformación social sen o que non pode existir unha democracia real. A cultura ten para nós unha dimensión política, de construción da comunidade e de convivencia.

Por isto, Podemos Ferrol impulsará unha escena cultural diversa, autónoma, sostible, feminista e crítica que sexa accesible a todas.

Aínda que un dos obxectivos do desenvolvemento turístico é a creación de postos de traballo dignos e de calidade, fomentaremos un turismo verde sostible e regularemos o turismo masivo mediante medidas concretas que busquen a desestacionalización e a conservación do patrimonio natural.

1. Impulsar a creación dunha galería de arte permanente onde poder disfrutar, durante todo o ano, da selección de obras de arte, en todas as súas expresións, que aportaron e aportan as nosas artistas e os nosos artistas. Esta galería, ademais de poder desfrutala a nosa veciñanza, sería un importante atractivo para quen nos visita.

Ferrol foi, historicamente, o lugar de grandes artistas que, en multitude de terreos, levaron a nosa cidade e o seu arte a diferentes puntos da xeografía española ou ao extranxeiro: Gonzalo Torrente Ballester, Segura Torrella, Collado, Andrés Dobarro, Pamen Pereira, Chelo Loureiro, Andrés Gabarres, Suso Basterrechea, Eduardo Hermida, etc. Cultivando diferentes artes, puxeron e poñen a Ferrol no centro do mapa da creación, demostrando as inquedañas culturais que se xeneran na nosa cidade.

2. Reformular o papel das bibliotecas municipais: solución aos problemas endémicos da Biblioteca Central e reapertura das de Caranza e O Inferniño.
3. Ampliar o horario de apertura das salas de estudo nas bibliotecas, adaptándoas ás necesidades dos usuarios, especialmente en época de exames, tanto da Universidade como de ensino medios, e de oposicións.
4. Colaborar coas Asociacións Veciñais na educación infantil, media e universitaria con pequenas bibliotecas e puntos telemáticos. Potenciar a xestión das bibliotecas dos centros cívicos e educativos.

5. Dinamizar as bibliotecas como espazos culturais de solidariedade, e apostar pola realización de actividades como contacontos e clubs de lectura, en coordinación cos centros escolares e Asociacións Veciñais.
6. Dotación de medios de lectura para persoas con problemas visuais e dotación de material en braille.
7. Mellora da rede WI-FI e ampliación de medios informáticos e de fondos de consultas infográficos.
8. Contemplan, na programación cultural do Concello (conferencias, concertos, obras de teatro ou outros eventos), a posibilidade de levar a cabo algún deles na Zona Rural, nos locais das Asociacións Veciñais que reúnan as condicións para elo.
9. Dinamizar os recursos turísticos dos barrios. Poñeremos en valor un turismo interbarrial relacionado coas datas e eventos característicos de cada un. Ferrol Universitario-Obreiro (Esteiro), Ferrol Artístico (Canido), Ferrol Ilustrado (A Magdalena), Ferrol Mariñeiro (Ferrol Vello), Ferrol Deporte e Mar (Caranza, A Cabana, A Graña, Doniños, San Xurxo), Ferrol Musical (Covas, San Felipe), Ferrol Entroido (Ultramar), Ferrol Samaín (Catabois), etc.
10. Revisión e mellora de rutas de sendeirismo (sinalización, accesibilidade e sustentabilidade)
11. Estudo, a través dun análise DAFO, do Camiño Inglés. Posterior execución e posta en marcha.
12. Fomentar a política de atracción de Congresos aproveitando os nosos puntos fortes, como o sector naval, para favorecer a desestacionalización do turismo.
13. Controlar exhaustivamente o uso de espazos públicos en zonas protexidas, ao carón do noso litoral.

9. AFRONTAR RETOS GLOBAIS DESDE O LOCAL. AUTOEFICIENCIA ENERXÉTICA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Podemos Ferrol, consciente de que algúns dos retos globais aos que temos que facer fronte son o cambio climático e a crise enerxética, defende una dobre actuación a nivel local: a execución de medidas de adaptación a estes cambios e a redución das nosas emisións.

Para isto imos implementar medidas que potencien o aforro e a eficiencia enerxéticas nos fogares e nos espazos públicos e incentivaremos o autoconsumo e os proxectos colectivos para a xeración de enerxía, sen esquecer aos barrios e fogares máis vulnerables na loita contra a pobreza enerxética.

1. Creación dunha comercializadora enerxética pública de enerxía renovable que poida suministrar, nunha primeira fase, ás institucións municipais, para abrila despois a outras entidades e á cidadanía. Aumentaremos a capacidade de xeración de consumo tanto das instalacións municipais como de autoconsumo en vivendas particulares e en edificios que non sexan públicos. Instalaranse paneis solares nos edificios públicos que poidan subministrar enerxía sostible.
2. Creación da Oficina de Transformación Ecolóxica que promoverá a creación de comunidades enerxéticas na cidade como eixo fundamental para acadar unha cidade sostible enerxéticamente. Fomentaremos, desde o ámbito municipal, a creación de comunidades enerxéticas locais nas que poidan participar os veciños e veciñas e que nos fagan avanzar cara unha economía de escala.
3. Bonificación do IBI de ata o 50% para as comunidades enerxéticas que se establezan na nosa cidade.
4. Bonificacións do IBI para fomentar o autoconsumo eléctrico.
5. Recuperar a actividade na Aula de Ecoloxía Urbana, facendo fincapé na formación para a mocidade e nos obradoiros para adultos.
6. Impulsar mediante subvencións, formación e difusión experiencias xa coñecidas na nosa cidade como é o das hortas comunitarias. Este tipo de proxectos fomentan a economía circular e promoven a soberanía

alimentaria, o que deriva en menor consumo enerxético e menos emisións de substancias contaminantes.

7. Promover a utilización de “composteiros” para as familias que posúan vivendas con terreos, proporcionando ditos recipientes para difundir os beneficios que supón esta práctica en canto á redución da cantidade de lixo, reciclaxe e aproveitamento como fertilizante de xardíns, hortas ou campos de cultivo.

Podemos
Ferrol

10. UNHA CIDADE Á ALTURA DO SEU DEPORTE

Ferrol e o deporte van unidos desde sempre. Contamos cunha tradición moi arraigada na nosa cidadanía no fomento do deporte de base, onde practicamente todas as disciplinas deportivas contan cun club de base. O deporte, os seus deportistas e o seus logros deportivos non contan desde fai xa moitos anos cun respaldo por parte do Concello.

Décadas de abandono das instalacións deportivas, cunha nula o moi reducida inversión no mantemento o renovación das mesmas, así como un escaso interese por parte das actuais formacións políticas do Concello, fan que actualmente non exista unha instalación que non teña algún tipo de carencia ou problema.

8. Recuperación do Padroado de Deportes. O deporte na nosa cidade precisa recuperar a xestión directa, eficaz e participativa que o Padroado ofrecía, axilizando trámites e o día a día de clubs e deportistas. O Padroado contaría cun orzamento propio dun millón de euros anuais, arquitecto municipal propio, persoal para o mantemento das instalacións deportivas e persoal administrativo propio.
9. “Plan Cidade do Deporte”. Impulsaremos un plan para renovar todas as instalacións deportivas da cidade en catro anos, facendo fincapé na renovación urxente das instalacións do complexo deportivo de A Malata e o Polideportivo Javier Gómez Noya.

Propostas destacadas:

- a) Renovación do pavillón da Malata, tanto internamente (renovación de vestiarios, mellora das gradas e renovación das salas e oficinas dos clubs) como externamente (renovación da cuberta, illamento, mellora nos accesos, renovación completa da instalación eléctrica do complexo deportivo instalando placas solares que suministren enerxía sostible a todo o complexo).
- b) Renovación e homologación da pista de atletismo de A Malata así como a renovación dos vestiarios.
- c) Acondicionamento da pista de rugby, levando a cabo o drenaxe da mesma, recuperando o mantemento da mesma a través do Padroado de Deportes .

- d) Renovación total da cuberta do pavillón Javier Gómez Noya así como a renovación do sistema de mantemento da temperatura da auga do vaso.
10. Creación do complexo deportivo “Cidade do Deporte”, incorporando ao espazo xa existente de A Malata as instalacións de FIMO. Adecuación do espazo exterior e renovación e adecuación das instalacións dos pavillóns como pistas polideportivas multideporte.
 11. Elaborar un Plan Integral da Promoción da Actividade Física e do Deporte.
 12. Fomentar os deportes mixtos e inclusivos nos centros escolares e las Escuelas Deportivas.
 13. Desenvolver campañas de concienciación cidadá para promover e difundir a práctica de exercicio físico con seguridade nas instalacións deportivas, e o seu respecto e coidado para un uso responsable das mesmas.
 14. Dotar de pistas polideportivas ás asociacións do Rural que non contan con esta infraestrutura deportiva e así o demanden. No mesmo senso, reparación e mantemento das existentes e establecemento dun convenio entre o Concello e a Xunta de Galicia para a utilización das pistas dos centros públicos de ensino por ditas asociacións.

11. GARANTIR UNHA VIDA DIGNA. XUSTIZA SOCIAL E DEREITOS DA VECIÑANZA

A crise económica volveu a recordarnos a necesidade de que os Concellos se transformen para converterse en institucións que coidan, evitando que a vulnerabilidade derive en exclusión.

Defendemos un sistema público de Servizos Sociais que se guíe polo principio de universalidade e que teña como prioridade unha atención integral á cidadanía. Queremos que a accesibilidade, a axilidade, a desburocratización, a transparencia, a participación e o enfoque comunitario distingan ás políticas sociais municipais.

A nosa proposta pasa por introducir o principio de proporcionalidade na tributación municipal. Todo o incremento da recadación derivado destas medidas permitiría a implantación de bonificacións a persoas con menos recursos, fomentando a equidade e progresividade da fiscalidade municipal.

1. Incrementar a taxa por cada caixeiro automático que se atope situado en liña de fachada dos inmobles respectivos aos que unicamente se teña acceso directo desde a vía pública. Para isto propoñemos modificar a ordenanza reguladora de dita taxa.
2. Crear unha Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.
3. Modificar o IBI en función da renda, establecendo unha escala crecente segundo o valor do inmovible e bonificacións segundo as circunstancias económicas, persoais e familiares. Isto permitiría reducir a carga para as persoas con menos ingresos, e tamén aumentar os ingresos a cargo dos grandes propietarios.
4. Creación dunha Renda Garantida Municipal, destinada a paliar situacións temporais de necesidade e centrada nos fogares que non sexan beneficiarios doutras prestacións sociais. É importante que o pago de dita renda sexa individual, para fomentar a autonomía das mulleres e da xuventude. A renda que corresponda a cada fogar dividirase por igual entre as persoas adultas conviventes. Ademais, por cada nena ou neno no fogar outorgarase un complemento adicional. Por outra banda, para

que esta medida sexa realmente efectiva terá que ser compatible co traballo e os ingresos salariais para evitar a trampa da pobreza.

Todas as Administracións teñen a responsabilidade de combater os altos niveis de desigualdade que existen, tal e como indican os datos oficiais ano tras ano. Ferrol tamén padece este problema e non podemos mirar cara outro lado. Os efectos positivos dunha prestación de este tipo quedaron demostrados noutras cidades como A Coruña, onde tras 7 anos desde a súa aprobación conta con centos de beneficiarios.

Desde Podemos propuxemos recentemente unha nova Renda Garantida de ámbito estatal para superar os importantes problemas atopados co Ingreso Mínimo Vital. É de vital importancia que continuemos avanzando na creación de dereitos subxectivos que permiten aos colectivos máis vulnerables reincorporarse ao mercado laboral coa garantía de ter as necesidades básicas cubertas.

5. Estudar e mellorar as necesidades dos Centros de Servizos Sociais. Avaliar a situación destes Centros en canto a dotación de persoal, perfís, cualificacións profesionais e tipo de servizo que se presta, para adaptar estes centros e a súa capacidade de resposta ás necesidades da veciñanza.
6. Favorecer a accesibilidade e desburocratización dos procedementos.
7. Creación do Consello Municipal de Saúde: órgano de participación que materializa o dereito da cidadanía á saúde formulando e implementando políticas sanitarias públicas mediante reunións periódicas onde se traten as accións e servizos de saúde do municipio.

Este Consello Municipal de Saúde o integrarán tódolos usuarios da sanidade pública, ben a título individual ou a través de asociacións veciñais, de pacientes, culturais, ecoloxistas e empresariais cuxo ámbito de actuación estea no Concello. Unha persoa representante por cada grupo político con presenza na corporación municipal, unha representante do persoal médico, outro do persoal de enfermaría do Centro de Saúde do concello e unha representante do SERGAS que pode ser a persoa responsable do Centro ou outra que designe a administración sanitaria.

12. UN FEMINISMO QUE TRANSFORMA. IGUALDADE E DEREITOS LGTBI

As políticas e os cambios normativos impulsados polo Ministerio de Igualdade supoñen un gran avance para toda a cidadanía. Con todo, deben ser reforzados tamén por parte dos gobernos municipais para garantir o acceso universal aos dereitos e liberdades conquistados. A acción programática e de goberno de Podemos ten que estar orientada a blindar estes dereitos e liberdades; debe dirixirse a profundar nas políticas de igualdade, diversidade e contra a violencia machista, e debe introducir o feminismo de maneira transversal en todas e cada unha das accións do Goberno, xerando recursos e dereitos específicos para iso.

Apostamos decididamente por favorecer desde o ámbito municipal a implementación e avaliación de políticas públicas dirixidas a protexer os dereitos do colectivo LGTBI e a loitar contra a súa discriminación. Queremos unha cidade que coide, unha cidade libre de violencias e una cidade que garanta dereitos.

1. Creación dunha concellería específica para as políticas de igualdade, diversidade e contra a violencia machista suficientemente dotada en termos orzamentarios e de recursos humanos. A condición de posibilidade desta área de políticas é a de contar cun espazo institucional propio e ben dotado que permita, á súa vez, transversalizar a acción feminista noutras áreas de goberno.
2. Aplicaremos o enfoque de xénero ás ordenanzas municipais, plan urbanístico e proxectos de infraestruturas, dotacións e equipamentos municipais. Iremos incorporando progresivamente Informes de Impacto de Xénero a outros proxectos de envergadura, procurando a adopción de medidas para corrixir as desigualdades e discriminacións que se desprendan dos devanditos informes.
3. Introducción dos orzamentos con perspectiva de xénero e, así mesmo, introdución en todos os contratos e subvencións públicas das perspectivas de xénero e da diversidade a través da inclusión de cláusulas sociais e de igualdade.
4. Garantía de seguridade a través da sensibilización pública e a difusión de campañas a nivel municipal respecto á persecución de delitos de odio contra as persoas LGTBI. Creación da campaña «municipios seguros» para o colectivo LGTBI.

5. Fomento de contidos e proxectos impulsados por persoas do colectivo LGTBI en promoción da cultura e equipamentos culturais municipais.
6. Sensibilización e formación do persoal de todos os servizos públicos municipais en materia de igualdade de trato, diversidade e non discriminación.
7. Incorporación da perspectiva de dereitos LGTBI en todas as políticas de avaliación e información de situacións de necesidade social, e atención inmediata a persoas en situación (ou risco) de exclusión social.
8. Garantía dunha programación cultural con diversidade e perspectiva de xénero que impulse os proxectos de creación de mulleres e os contidos feministas, desenvolvendo, deste xeito, metodoloxías, indicadores e boas prácticas sobre os hábitos culturais nos ámbitos municipal.
9. Adhesión á iniciativa de Cidades Seguras e Espazos Públicos Seguros impulsada desde UN Women (ONU Mujeres).

Podemos
Ferrol

13. COÑECER A NOSA HISTORIA. MEMORIA DEMOCRÁTICA

Un dos nosos obxectivos é converter a Ferrol nun referente na recuperación da memoria democrática en todo o Estado.

Durante os vindeiros catro anos, desenvolveremos todas as medidas recollidas na Lei de Memoria Democrática (Lei do 19 de outubro del 2022) profundando a escala municipal en todas e cada una delas .

Para conseguilo elaboraremos unha folla de ruta que garanta o seu cumprimento real.

1. Modificar o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico no que sexa preciso para incluír de forma explícita, no apartado de honras e distincións, criterios cívicos acordes coa memoria democrática e o respecto dos dereitos humanos na concesión das honras que outorga a cidade.
2. Elaborar un catálogo de lugares da memoria democrática, tomando as correspondentes medidas que garantan a súa debida protección. Priorizarase a elaboración dun protocolo para a debida protección e seguridade dos lugares sinalados.

14. POLO COIDADADO DAS NOSAS MASCOTAS, UN MEMBRO MÁIS DA FAMILIA. DEREITOS E BENESTAR DOS ANIMAIS

Cada vez máis familias teñen, como compañeiras de vida, mascotas que non son soamente unha meros acompañantes. Ao cabo dos anos dámonos conta de que as sentimos, e séntense, como un ou unha máis dentro do noso círculo máis próximo. A súa presenza nas nosas vidas non se reduce a que coidemos delas, senón que ao mesmo tempo atenden de nós, paseándonos e ofrecéndonos todo tipo de coidados afectivos.

Pola nosa parte, consideramos xusto e necesario que desde o Concello de Ferrol garanta espazos axeitados e normas que fagan que os nosos compañeiros e compañeiras de viaxe teñan unha vida digna e satisfactoria nunha cidade como Ferrol.

Queremos un Ferrol amable, tanto para as persoas como para as nosas mascotas. É dicir, para toda a familia.

1. Concellos libres de maltrato animal: non autorizando ningún acto ou espectáculo no que se maltrate animais ou vaia en contra do contido na Lei 4/2017 de 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais.
2. Unificar e definir as competencias municipais actuais en materia de Benestar Animal para dotalo do peso municipal que lle corresponde.
3. Elaborar, coa participación activa das entidades dedicadas a iso, unha ordenanza de tenencia e protección de animais.
4. Crear o Rexistro Municipal de Persoas con Animais de Compañía para inscribir a todos os animais de compañía ou domesticados con suxeición aos dereitos e obrigacións da normativa local vixente.
5. Crear un Observatorio de Protección Animal como departamento especializado adscrito á concellería competente, que supervisará o cumprimento da ordenanza existente.
6. Construír un Cemiterio Municipal de Animais.
7. Levar a cabo unha labor de divulgación e concienciación para fomentar a adopción en lugar de a compra de mascotas.

8. Campañas de concienciación e civismo para que as nosas rúas e parques públicos estean libres dos excrementos das nosas mascotas.
9. Colaborar coas protectoras de animais e posta en valor do papel que exercen da defensa dos dereitos dos animais.
10. Estudar a forma correcta de introducir na vida municipal o uso de pirotecnia sen son, medida que beneficia á súa vez a outros colectivos.

Podemos
Ferrol